



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 23 DE XULLO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Vila de Cruces do treito antigo da EP-6408 Merza-Bascuas.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda, e o Concello de Santiago de Compostela para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe máximo de dous millóns trescentos noventa e dous mil catrocentos vinte cinco euros (2.392.425,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola covid-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Plan de actuación de axilización na Administración de Xustiza para facer fronte á covid-19, derivado da disposición adicional décimo novena do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Informe sobre a creación e convocatoria do distintivo “Bandeira Verde de Galicia”.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a liña de préstamos posta en marcha tras a covid-19 para achegar liquidez a autónomos e pemes.
- Informe sobre a posta en marcha do programa Empreganav II.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta da tramitación de emerxencia do expediente de contratación de subministración correspondente ao Plan de dotación de equipamento para afrontar a covid-19: ecógrafos para hospitais do Servizo Galego de Saúde.
- Informe sobre a Orde polo que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo covid-19 en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE VILA DE CRUCES DUN TREITO ANTIGO DA ESTRADA PROVINCIAL QUE COMUNICA AS PARROQUIAS DE MERZA E BASCUAS

- *Trátase dun tramo de 611 metros na vía provincial EP-6408, no lugar de Sulago*
- *Con esta transferencia, a xestión e conservación da vía corresponderanlle ao Concello*
- *O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Vila de Cruces, dun treito da estrada provincial que comunica as parroquias de Merza e Bascuas.

Trátase dun tramo de 611 metros na vía provincial EP-6408, no lugar de Sulago, na parroquia de Merza. O cambio de titularidade inclúese nun acordo entre o Concello e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Segundo o artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos incluídos no inventario da administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta.

Neste sentido, o Goberno galego autoriza esta transferencia pola que lle corresponderán ao Concello de Vila de Cruces as actividades de xestión e conservación da vía.

Con este cambio de titularidade, o concello pontevedrés poderá mellorar o mantemento da estrada e levar un control máis directo para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público.

A transferencia será efectiva ao día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA ACHEGA AO CONCELLO DE SANTIAGO POLO ESTATUTO DE CAPITALIDADE 2,39 MILLÓNS DE EUROS

- *A asignación medra un 3% con respecto ao ano anterior*
- *A Xunta contribúe así ao sostemento dos servizos derivados da súa condición de capital de Galicia e sede das institucións autonómicas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda, e o Concello de Santiago de Compostela para o financiamento do Estatuto de capitalidade desta cidade. A cantidade que a Xunta achegará ao Concello para facer fronte aos gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma e sede das institucións autonómicas ascende a 2.392.425 euros, un 3% máis que no ano 2019.

O 24 de xullo de 2002 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Lei 4/2002, de 25 de xuño, do Estatuto da capitalidade de Santiago de Compostela, co obxecto de regular o estatuto especial desta cidade como sede das institucións autonómicas e polo seu recoñecemento como capital da Comunidade Autónoma. Establécense así os mecanismos adecuados para o tratamento xurídico-administrativo e financeiro da capitalidade desta cidade.

Neste marco, realizarase unha xustificación do financiamento que consistirá na certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control interno no Concello de Santiago, da toma de razón en contabilidade dos libramentos feitos pola Comunidade Autónoma de que os referidos importes derivan do establecido na Lei 4/2002, e de que estes foron destinados a financiar os gastos do Concello xurdidos como consecuencia de ser a capital de Galicia.

Deste xeito, e co obxectivo de establecer unha coordinación entre a Administración autonómica galega e o Concello de Santiago no referido ás competencias e responsabilidade derivadas da capitalidade, creouse o Consello da Capitalidade, que ademais será o encargado da interpretación e do seguimento do cumprimento do convenio aprobado hoxe.

A fixación de Santiago como sede das institucións autonómicas derivou na necesidade de afrontar novos retos, particularmente en relación coa prestación de servizos públicos, determinados directamente pola presenza das institucións autonómicas no termo municipal.

Esta lei establece unha previsión de financiamento específico nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma co que se pretende contribuír ao financiamento dos servizos e gastos do Concello motivados por este estatuto de capitalidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**SANIDADE RECOMENDA LIMITAR O NÚMERO DE ASISTENTES A REUNIÓN
PRIVADAS A UN MÁXIMO DE 25 PERSOAS**

- *As semanas transcorridas desde a finalización do estado de alarma están a poñer en evidencia a alta frecuencia de brotes xerados en celebracións e encontros en espazos privados*
- *Na situación producida pola actual pandemia, o prudente é reducir os contactos con persoas non conviventes, contactos que actúan como factor multiplicador do risco de contaxio*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá unha recomendación para limitar o número de asistentes a reunións de grupos en espazos privados ata un máximo de 25 persoas. Trátase dunha recomendación xustificada pola alta frecuencia de brotes xerados en celebracións e encontros en espazos privados, nas semanas transcorridas desde a finalización do estado de alarma.

Ante esta situación, a Consellería de Sanidade considera necesario realizar unha recomendación sanitaria expresa que oriente á poboación e a conciencie de que deben adoptarse medidas de precaución e de protección, no só en espazos públicos e en locais e establecementos abertos ao público, senón tamén en reunións en espazos privados. Na situación producida pola actual pandemia, o prudente é reducir os contactos con persoas non conviventes, contactos que actúan como factor multiplicador do risco de contaxio

Así mesmo lembra que nos espazos privados, abertos ou pechados, de uso privado, recoméndase o uso de máscara, no caso de reunións ou de posible confluencia de persoas non conviventes, así como o mantemento da distancia de seguridade interpersoal e a aplicación de medidas de hixiene.

As modificacións introducidas terán efectos desde o día seguinte á data de publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia.

Esta recomendación modifica o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola covid-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. A modificación terá efectos desde o día seguinte á data de publicación do presente no Diario Oficial de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DUN MILLÓN DE EUROS PARA REFORZAR A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA ANTE A CRISE DA COVID-19

- *O investimento destinarase a prolongacións de xornada, creacións de xulgados bis e á dotación dos tres novos xulgados do social aprobados polo Ministerio de Xustiza*
- *A primeira fase, que se prolongará ata decembro, centrarase no reforzo das xurisdicións sociais e mercantís*
- *A segunda fase, que comezará en xaneiro de 2021 segundo o fixado polo Ministerio de Xustiza, estenderase á xurisdición contencioso-administrativa*

A Xunta investirá preto dun millón de euros para reforzar a Administración de Xustiza ante a crise sanitaria causada pola covid-19. En concreto, o investimento destinarase a prolongacións de xornada, a creación de “xulgados bis” e á dotación de persoal dos tres novos xulgados do social en Lugo, A Coruña e Vigo cuxa creación aprobou o Ministerio de Xustiza.

En concreto, a Xunta financiará o persoal da Administración de Xustiza ao servizo dos novos xulgados do social nº4 de Lugo, nº 7 da Coruña e nº 7 de Vigo. En total, serán 24 efectivos: 2 xestores, 4 tramitadores e 2 auxilios por cada xulgado (o nomeamento de xuíces, fiscais e letrados da Administración depende do Ministerio de Xustiza). A previsión é que estes xulgados estean en funcionamento no último trimestre do ano, unha decisión que depende do Ministerio de Xustiza.

A Administración autonómica tamén financiará a prolongación de xornada de 83 efectivos. Este persoal distribuirase entre os xulgados do social da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo, así como nos xulgados mercantís.

Ademais, para apoiar a creación de xulgados “bis”, a Xunta nomeará e financiará a 13 efectivos de xestión, tramitación e auxilio. Crearanse xulgados “bis” na xurisdición social da Coruña e Lugo, así como na mercantil da Coruña.

Reactivación tras a covid-19

O obxectivo destas medidas é apoiar a reactivación da Administración de Xustiza tras a redución da actividade xudicial durante o Estado da Alarma. Debido á paralización, agora é necesario recuperar o traballo suspendido, ao que se suma un previsible incremento da litixiosidade derivada da paralización de sectores industriais e empresariais. Isto suporá un aumento de procedementos relacionados con despedimentos, expedientes de regulación de emprego, concursos de acredores ou reclamacións de consumo.

Neste marco, o Consello de Ministros aprobou a principios de mes un Plan de actuación para axilizar a actividade xudicial dos órganos das xurisdicións social, contencioso-administrativa e xulgados mercantís.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O Plan estruturase en dúas fases. A primeira vai de setembro a decembro e concéntrase nos xulgados do social e mercantís que con anterioridade á crise xa presentaban maior carga de traballo. A segunda fase comezará a partir de xaneiro de 2021, cando se estenderá, logo de contar con datos máis completos do impacto da crise, á xurisdición contencioso-administrativa.

As medidas da primeira fase poden consistir en prolongacións de xornada, isto é, unha retribución extraordinaria ao persoal destinado no propio órgano xudicial a través dun programa de actuación para obxectivos; na creación de xulgados “bis”, coa designación dun xuíz, un letrado da Administración de Xustiza e cinco funcionarios para que temporalmente exista un xulgado de apoio; e a posta en marcha efectiva de novos xulgados. A elección dunha medida ou outra vén marcada pola carga de traballo de cada órgano xudicial, aplicando como factor de corrección a pendencia que arrastran. A Xunta, como comunidade autónoma con competencias transferidas, encárgase do financiamento de todas estas medidas.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA CREA O DISTINTIVO BANDEIRA VERDE DE GALICIA CO QUE RECOÑECER O TRABALLO DOS CONCELLOS A PROL DA PROTECCIÓN DA PAISAXE E DO MEDIO AMBIENTE

- O Consello da Xunta coñeceu esta mañá o informe polo que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda crea e convoca a primeira edición desta nova marca
- O obxectivo da iniciativa é servir tamén de correa de transmisión entre o traballo que fan as administracións locais e a implicación da cidadanía no coidado e na protección da contorna natural e paisaxística
- A orde coa convocatoria publicarase este verán e entregaranse tantas bandeiras como concellos cumpran cos requisitos, atendendo para a avaliación das candidaturas aos seguintes criterios de proporcionalidade: *encadre no sistema de asentamentos de Galicia, grao de urbanización e poboación*

O Consello da Xunta na súa reunión de hoxe coñeceu o Informe polo que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda crea o distintivo Bandeira Verde de Galicia, co que recoñecer o traballo dos concellos a prol da protección da paisaxe e do medio ambiente.

Trátase dunha iniciativa que busca distinguir aos municipios máis dinámicos neste eido cun galardón que sexa recoñecido pola cidadanía e polos potenciais visitantes da Comunidade, desenvolvendo boas prácticas no coidado da contorna, o respecto pola paisaxe, a redución das emisións de CO₂, o fomento dunha correcta xestión do lixo e de medidas para garantir a integridade e limpeza de espazos de interese, como xardíns, praias, espazos etnográficos, edificios públicos, patrimonio arquitectónico..., así como a posta en valor de monumentos naturais, a educación e a sensibilidade ambiental ou a redución do consumo enerxético.

Galicia dispón dunha rica e extensa diversidade paisaxística polo que un distintivo como a Bandeira Verde fortalece a imaxe das vilas e pobos, é dicir, preténdese resaltar o labor daqueles concellos que destaquen polas súas boas prácticas ambientais e de protección e conservación da paisaxe, e polo seu compromiso coa cidadanía.

Asemade, esta distinción pretende ser unha correa de transmisión entre o traballo que fan as administracións locais e a implicación dos cidadáns no coidado da contorna natural e paisaxística, amosando que tanto os concellos como os veciños están comprometidos na preservación dun dos elementos máis representativos da comunidade: a paisaxe e o patrimonio natural.

En liña coa Lei de protección da paisaxe

Ao mesmo tempo, promóvese unha cultura de dignificación do territorio galego no que a participación social resulta estratéxica e os beneficios redundan na integridade e na sustentabilidade dos recursos naturais galegos en sintonía cos 17 obxectivos de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

desenvolvemento sostible (ODS) e coa redución de emisións fixada pola Unión Europea para o ano 2050.

Cómpre recordar que a Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia establece que se promoverán accións de formación, sensibilización e educación dirixidas á sociedade galega en xeral, e aos xestores e usuarios do territorio en particular, que teñan como finalidade a promoción do entendemento, respecto e salvagarda dos elementos que configuran as nosas paisaxes.

Neste sentido, a Xunta lanzará este ano a primeira edición da Bandeira Verde de Galicia, á que poden optar todos os concellos que traballen en base a catro ámbitos de actuación: a protección da paisaxe; o cambio climático e a eficiencia enerxética; a xestión responsable dos residuos; e as accións de sensibilización e comunicación. Ademais, o outorgamento deste distintivo constituirá un mérito aos efectos da obtención de subvencións en materia de patrimonio natural.

A previsión da Consellería de Medio Ambiente é publicar a orde coa convocatoria este mesmo verán, abríndose a continuación un prazo de 40 días para que as entidades locais interesadas presenten as súas solicitudes.

Deste xeito, o procedemento debería quedar resolto antes de que remate o ano, de forma que en 2020 podería coñecerse xa cantos e cales son os primeiros concellos en recibir a Bandeira Verde de Galicia. Así, co fin de establecer criterios de proporcionalidade á hora de avaliar todas as candidaturas e dada a heteroxeneidade que presentan os concellos galegos en termos socio-económicos, ponderarase a valoración das iniciativas atendendo aos seguintes aspectos: o seu encadre no sistema de asentamentos de Galicia establecido nas Directrices de Ordenación do Territorio, o grao de urbanización e a poboación.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA ACHEGA OS PRIMEIROS 80M€ DA LIÑA DE PRÉSTAMOS COA QUE AUTÓNOMOS E PEMES CONTAN CON LIQUIDEZ NECESARIA PARA FACER FRONTE Á COVID-19

- *O 70% dos créditos xa formalizados ata agora, un total de 1432, corresponden a microempresas*
- *Os establecementos comerciais e a restauración son os sectores con maior número de operacións avaladas, seguidos polos servizos, a industria e a construción*
- *A metade das operacións son para firmas da provincia da Coruña, seguidas de compañías de Pontevedra co 30%*
- *Facilita avais para cada negocio de ata 200.000 euros para atender as necesidades máis inmediatas e os beneficiarios teñen ata catro anos para amortizar estes préstamos, dos que a Xunta se fai cargo da totalidade dos xuros*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria ten previsto mobilizar ata 250M€ entre o tecido empresarial galego para paliar os efectos do coronavirus*
- *Complementa á nova liña de microcréditos de entre 3000 e 20.000 euros, á que se destinan 6,1M€ para mobilizar 50M€ entre autónomos e microempresas, que terán ata cinco anos para a amortización*
- *Dentro do Plan de reactivación económica da Administración autonómica, tamén se porán en marcha novos instrumentos financeiros dirixidos aos sectores vitivinícola, artístico e cultural e á economía social*

A Xunta de Galicia xa facilitou preto de 80M€ a autónomos e pemes a través da achega lograda cos primeiros 1432 préstamos formalizados ao abeiro da liña de financiamento que ten activada e que se destina a inxectar liquidez aos colectivos empresariais máis vulnerables para que poidan facer fronte ás consecuencias provocadas pola situación de emerxencia sanitaria. As empresas e o colectivo autónomo galegos poden solicitar estes apoios para atender as necesidades máis inmediatas, como o pago de salarios, facturas, alugueiros ou impostos.

Como vén de coñecer o Consello da Xunta, dos créditos formalizados ata hoxe, sete de cada dez corresponden a microempresas, superando o seu volume total os 40 millóns de euros.

Por sectores, destacan o préstamos concedidos aos establecementos comerciais, que acadan o 25% do total. Séguenlles en número a restauración, cun 17%, e os servizos, que son o 15%. A continuación, cun 10% cada unha, sitúanse as operacións avaladas no eido da industria e a construción. En canto á distribución provincial, a metade das empresas beneficiarias exercen a súa actividade na Coruña, tres de cada 10 en Pontevedra e as restantes corresponden a compañías de Lugo e Ourense.

Esta liña vai permitir unha mobilización global de 250 millóns de euros en préstamos entre o tecido empresarial galego, avalando entre 3000 e 200.000 euros de importe por

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

cada negocio con prazos de amortización de ata catro anos cun de carencia, cun máximo dun 1,50 por cento de xuros, que son bonificados ao cento por cento pola Xunta, facéndose cargo deles.

O programa da Consellería de Economía, Emprego e Industria está instrumentado a través dun convenio de colaboración da Xunta de Galicia no que participan as sociedades de garantía recíproca (SGR) Afigal e Sogarpo.

Nova liña de microcréditos e préstamos directos

Tamén ao abeiro do Plan de reactivación económica, o Goberno galego vén de activar unha liña de microcréditos que facilitará préstamos de entre 3000 e 20.000 euros a cada negocio, con xuros bonificados ao 100% pola Xunta e cun prazo de duración máxima de cinco anos, cun ano de carencia como tope. A iniciativa, dotada con 6,1 millóns de euros de orzamento e coa previsión de mobilizar ata 50M€ entre microempresas (menos de 10 traballadores), desenvolverase igualmente en colaboración coas sociedades de garantía recíproca (SGRs) e as entidades financeiras.

Ademais, a Xunta destinará 8 millóns de euros a achegar préstamos directos de entre 3000 euros e 200.000 euros ás pemes de sectores especialmente afectados pola actual situación económica: o sector cultural e artístico, con especial atención ás orquestras e a economía social. Apoiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), os créditos incluíranse no programa de Instrumentos Financeiros Innovadores (IFIs) e estarán libres de comisións. Ademais, non terán como condición a achega de garantías, estarán libres de xuros ou contemplarán porcentaxes moi baixas e non será necesaria a intervención das entidades financeiras. Achegarán ata o 75% tanto das necesidades de liquidez como dos investimentos de cada empresa beneficiaria, que disporá dun ano para a devolución. A previsión é mobilizar ata 10M€.

Para o sector vitivinícola en concreto habilitarase, en coordinación coa Consellería do Medio Rural, un préstamo vendima co que se prevé mobilizar 60 millóns de euros para permitir a todas as bodegas galegas afrontar a compra da totalidade da uva da vendima deste ano en condicións normais de mercado. Deste xeito, garántese o futuro das bodegas e dos viticultores galegos que apenas teñen recibido fondos por parte do Goberno central.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA APOIARÁ A INSERCIÓN LABORAL DE 500 PERSOAS DESEMPREGADAS VINCULADAS Á INDUSTRIA NAVAL

- *O proxecto Empreganav, que conta cun orzamento de 3,2M€, baséase nun plan de medidas individualizado co obxectivo de acompañar persoalmente aos participantes en todo o proceso ata a súa reincorporación ao mercado de traballo*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria inclúe formación, orientación e incentivos económicos*
- *Os beneficiarios serán persoas desempregadas da industria auxiliar que foran despedidas entre maio de 2019 e febreiro deste ano*
- *Esta iniciativa, que contribúe a promover a competitividade no sector, súmase ao novo Plan de formación para o naval 2020-2022 no que participarán máis de 5.000 alumnos e alumnas a través de 435 cursos*

A Xunta, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, vén de deseñar a posta en marcha do programa Empreganav co obxectivo de apoiar a inserción laboral de 500 traballadores do naval. O obxectivo da iniciativa, que se presentará aos principais axentes e interlocutores sociais, é promover a competitividade e o crecemento desta industria en Galicia. En concreto, está pensada para repercutir na xeración de postos de traballo máis cualificados.

Os beneficiarios do proxecto serán persoas desempregadas procedentes de pemes que conforman a industria auxiliar do naval en Galicia, cuxo despedimento fora motivado por causas obxectivos entre o 23 de maio de 2019 e o 23 de febreiro de 2020. O programa, que conta cun orzamento de 3,2 millóns de euros, xa se presentou en Europa para optar ao Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG) co obxectivo de acadar un conфинanciamento do 60%.

Empreganav baséase nun plan de medidas individualizado para os traballadores para acompañalos persoalmente en todo o proceso ata a súa reinserción no mercado laboral. Deste xeito, a iniciativa artículase a través de seis fases: acollida e diagnose inicial; medidas de sensibilización; orientación; formación; apoio á recolocación e seguimento personalizado; e incentivos económicos.

Na primeira fase, a de acollida e diagnose inicial, informarase ás persoas beneficiarias das accións que se van levar a cabo e os recursos postos en marcha para axudarlles no seu proceso de recalificación. Realizaráselles un perfil socio-laboral individual a través de entrevistas personalizadas. A fase de sensibilización inclúe a posta en marcha de titorías informativas que servirán de base para encamiñar a participación das persoas beneficiarias dentro das accións incluídas no proxecto. En concreto, daranse a coñecer: novas técnicas e estratexias asociadas á procura activa de emprego; acreditación da experiencia; e iniciativas emprendedoras sobre a creación de empresas (emprendemento).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Tras o diagnóstico da situación de cada usuario, procederase ao asesoramento laboral, sendo o punto de partida a elaboración dun itinerario personalizado. En base ás necesidades identificadas de cada usuario, levaranse a cabo sesións de orientación laboral por conta allea ou en autoemprego.

O programa formativo, distribuído en cinco ámbitos, dotará ás persoas traballadoras dunha maior empregabilidade. Impartirase formación transversal, en competencias clave, en novas tecnoloxías, para a recualificación noutros sectores, para o autoemprego e darase apoio á recolocación e seguimento personalizado. Así, en base ás necesidades de persoal nas empresas e as novas oportunidades de negocio (autoemprego) xestionaranse ofertas laborais e posibles aperturas de negocio (intermediación laboral). Posteriormente, tras a entrada no mercado de traballo farase un seguimento individual a través de titorías personalizadas nas que se verificarán as condicións do emprego.

Incentivos económicos

Empreganav tamén inclúe un programa de apoio económico dotado con 600.000€ e que se centra en axudas directas dirixidas aos beneficiarios para cubrir os gastos derivados da súa participación. Inclúense incentivos para a participación activa; axudas para o desprazamento; incentivos para as persoas emprendedoras; para a inserción por conta allea; e para a conciliación.

Trátase da segunda edición deste programa. Empreganav púxose en marcha por primeira vez no ano 2012 en colaboración cos axentes sociais participantes na mesa sectorial do naval do Diálogo Social e a Fundación Galega do Metal-Formega. Deseñouse tamén un plan feito á medida dos traballadores que concluíu coa participación de 454 persoas que lograron mellorar a súa empregabilidade e das que un 70% lograron a inserción no mercado laboral.

O naval en Galicia

O proxecto, en definitiva, dá resposta a unha necesidade que é a reinserción laboral e a cualificación dos traballadores e traballadoras do naval para incrementar a competitividade desta industria clave para Galicia. De feito, o naval constitúe un sector estratéxico para a Comunidade galega. Os estaleiros son axentes tractores dunha importante industria auxiliar provedora de produtos e servizos e xeradores de emprego.

A Xunta, deste xeito, seguirá ofrecendo a súa máxima colaboración ao naval, para impulsar a innovación e a formación como pancas para consolidar Galicia como un referente nesta industria. Así, o Goberno galego conta cun plan específico de formación para o sector naval, que permitiu entre 2017 e 2019 a realización de 416 cursos cun investimento de 17,36M€, o que supuxo a formación de máis de 5000 profesionais. A Xunta, ademais, aprobou o pasado mes de marzo un novo Plan de formación para o



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

naval 2020-2022, que inclúe o desenvolvemento de 435 cursos para beneficiar a 5.220 alumnos e alumnas. O investimento previsto é de 18M€.

Ademais, para facilitar a liquidez das empresas, a Xunta puxo en marcha o ano pasado unha liña de préstamos específica para atender a situación financeira de 22 auxiliares galegas, á que se suma a nova liña de crédito para inxectar liquidez nas pemes e facer fronte ao contexto marcado pola covid-19. O naval en Galicia, polo tanto, segue a ser competitivo, mantendo a segunda maior carteira de pedidos en Europa, por detrás de Holanda.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

SANIDADE DESTINA MÁIS DE 800.000 EUROS Á ADQUISICIÓN DE 14 ECÓGRAFOS NA SÚA LOITA CONTRA Á COVID-19

- *Os destinatarios desta compra son todos os Complexos hospitalarios galegos así como todos os hospitais comarcais*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia dun expediente de contratación, por valor de 823.000 euros, para a adquisición de 14 ecógrafos para repartir entre os hospitais galegos.

Así, adquiúrense tres ecógrafos de altas prestacións para distribuír entre o Hospital Álvaro Cunqueiro en Vigo, o Hospital Universitario da Coruña e o Hospital Universitario de Santiago. Tamén outros catro ecógrafos con elastografía para o Hospital Universitario de Ourense, o Hospital Lucus Augusti, O Hospital de Montecelo en Pontevedra e o Hospital Arquitecto Marcide en Ferrol. Completan o lote sete ecógrafos sen elastografía para o Hospitais públicos de Cee, A Barbanza, O Salnés, A Mariña, Monforte de Lemos, Verín e Valdeorras.

A compra destes catorce ecógrafos vén motivada pola observación, ao longo da pandemia, de complicacións asociadas á infección noutros órganos distintos ao pulmón, como os do sistema vascular, corazón, fígado ou riles. Estas complicacións obrigan, no só a realizar un diagnóstico de alta precisión, senón tamén a facer un seguimento activo dos pacientes. Diso deriva a necesidade da realización de estudos ecográficos óptimos e de precisión en distintas patoloxías asociadas a estes pacientes, que ten un papel importante no seu prognóstico e seguimento.

A adquisición de todo este material xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou o Comité de expertos no seguimento do coronavirus, e que contempla, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles rebrotes. O Comité de expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das Áreas Sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urgencias hospitalarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

OS VIAXEIROS PROCEDENTES DE ZONAS CON MAIOR INCIDENCIA DE COVID TERÁN QUE PROPORCIONAR OS SEUS DATOS DE CONTACTO ÁS AUTORIDADES SANITARIAS

- *A medida é obrigatoria para calquera persoa, tanto se é residente en Galicia como se non, que estivera nos últimos catorce días en territorios de alta incidencia epidemiolóxica pola covid-19*
- *Esta é unha nova iniciativa posta en marcha pola Xunta de Galicia para protexer a saúde dos cidadáns mediante a prevención, buscando un diagnóstico máis precoz de calquera infección polo virus*

Todos os viaxeiros que cheguen a Galicia procedentes de territorios con alta incidencia epidemiolóxica pola covid-19, deberán comunicar os seus datos de contacto ás autoridades sanitarias, independentemente de que sexan residentes na nosa Comunidade ou non. Deste xeito búscase conseguir un diagnóstico máis precoz de calquera infección polo virus, protexéndose así a saúde dos cidadáns.

Esta nova medida adoptada pola Xunta de Galicia ten carácter obrigatorio para todas as persoas que proveñan ou estiveran nos últimos catorce días en zonas con alta incidencia epidemiolóxica, e voluntaria para o resto dos viaxeiros. Terán 24 horas dende a súa chegada a Galicia para comunicar os seus datos de contacto, e é un trámite que terá que realizar cada un dos viaxeiros. A Consellería de Sanidade publicará quincenalmente a listaxe de territorios considerados de alta incidencia, que poderán ser tanto países estranxeiros coma outras comunidades autónomas.

Para proporcionar esta información, poderase cubrir o formulario que estará dispoñible na web <https://coronavirus.sergas.gal/> ou achegar os datos chamando ao teléfono 881 00 20 21. A todos os viaxeiros facilitaráselles un contacto por se tivesen algún tipo de sintomatoloxía, ben a través do seu médico de cabeceira se son residentes con tarxeta sanitaria en Galicia, ou a través do número de teléfono anteriormente citado para aqueles que non dispoñan dela. Tamén se lles proporcionará información e recomendacións sanitarias e poderán adoptarse as medidas de seguimento, recoñecemento e control que se consideren necesarias. Así, por exemplo, no caso de persoas que veñan de territorios cun risco máis alto, independentemente de que teñan sintomatoloxía ou non, podería promoverse a realización dunha proba diagnóstica.

Cómpre destacar que a atención que se considere necesaria polos profesionais do Servizo Galego de Saúde, non terá custo para as persoas que a precisen, incluíndo a realización de probas diagnósticas ou, no seu caso, dos tratamentos indicados.

Os establecementos de aloxamento turístico estarán obrigados a informar desta medida aos seus clientes; así como os responsables de axencias de viaxe, operadores turísticos, compañías de transporte aéreo ou marítimo e outros axentes similares ao inicio do



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

proceso de venda dos billetes. Así mesmo deberán facelo ás empresas, que despracen aos seus traballadores por motivos laborais.

A medida será efectiva desde a publicación pola Consellería de Sanidade da Orde que regula esta comunicación e a listaxe de territorios considerados de maior incidencia epidemiolóxica.

